

E PARECE QUE CHOVE!

O I.E.S. de Melide abriu as súas portas aos estudantes melidenses (e outros/as) no ano 2000 e xa cae a cachos. Foron investidos na súa construción cerca de cinco centos millóns de pesetas daquela e xa está pedindo novas reformas. Todos pensabamos que a apertura dun novo instituto en Melide máis moderno, con máis capacidade, mellor tecnoloxía ... ía ser todo un beneficio para os estudantes e profesores que tantos anos permaneceran no I.E.S. vello, pero non.

Agora a nosa pregunta é ¿onde chove máis, no I.E.S. vello ou no novo? Todos os anos contamos coa presenza de cubos, papeleiras no ximnasio para as goteiras, ou de toallas encima das mesas de dirección, por exemplo, para intentar salvar os materiais, e isto non debería acontecer xa que supostamente os materiais

utilizados na construción do instituto tiñan que ter capacidade de abondo para non deixar pasar a auga. Ademais de todo isto os/as alumnos/as de 4ºda E.S.O. D fixeron unha protesta debuxando e colgando uns carteis polo I.E.S., deixando ver a pésima situación da súa aula, dicindo que na súa clase chovía máis ca fóra e,



como case todos puidemos ver, é certo. Pois ben, compañeir@s, todos temos que colaborar para coidar o que queda do noso instituto, aínda que co da auga véxoo moi difícil. Como non lle recemos á Virxe dos Milagres, imos ter que pasar un inverno correndo no ximnasio arredor dos cubos.

YOLANDA PAMPIN GIL B1C

Intres

66

Xuño 2006

TEATRO

Os compoñentes do grupo de teatro somos: Elodie, Virginia, Alba, Iris, Daniel e Carlos.

Xa fixemos na primeira avaliación unha obra *A Tuta e a Ramoneta*. Tratába de dúas irmás moi, moi diferentes; unha delas era moi presumida e a outra unha simple rapaza, moi formalíña. Despois, como a Tuta (nena presumida) facía moito coqueteo cos rapaces, a nai berroulle e chegaron a matala. Intentaron ocultar o cadáver e para iso fixeron que Ramoneta se transformara en Tuta.

Esta obra realizámola no Nadal, cando houbo o festival.

Na segunda avaliación fixemos un baile, porque a profesora Marga non encontraba unha obra axeitada para nós, entón foi cando se suxeriu a idea de facer un baile. Formabámolo as cinco rapazas de teatro: Elodie, Virginia, Alba, Iris e Noelia. A canción chamábase *Mala* e era de tipo "reggeaton". Tiñamos unha coreografía ben montada e con pasos alucinantes. Pero o peor foi que non se chegou a realizar porque unha das rapazas estaba enferma no Entroido, que era cando se quería bailar.

Na terceira avaliación estamos a facer unha obra, chámase *A consulta de dona Penas* e aínda que non poidamos revelar o seu contido até que a realicemos, direivos que trata dunha consulta dunha doutora, na que hai tres pacientes que lle fan a vida imposible á doutora.

Agora, grazas ao teatro, imos poder ter unha excursión a Antas de Ulla, onde profesores especializados en teatro nos van dar clase para poder mellorar a nosa interpretación. Alí tamén interpretaremos a nosa obra. Esperemos que se rían todos, porque desexamos pasalo ben.

ELODIE DIÉGUEZ PEÓN E VIRGINIA FOCIÑOS ASTRAR, S3B